

SR. JOSÉ MIÑONES CONDE

DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA

Área de industria e Enerxía

Praza de Ourense, nº 11, A Coruña, C.P. 15003.

Asunto: Alegacións ao Anuncio da área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia, polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Balocas de 65 MW e a súa infraestrutura de evacuación, na provincias da Coruña e Lugo. Código do proxecto: PEol-387. BOP número 209, de 3 de novembro de 2021.

Don/Dona

_____, con DNI.
Número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista do Anuncio da área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia, polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Balocas de 65 MW e a súa infraestrutura de evacuación, na provincias da Coruña e Lugo. Código do proxecto: PEol-387, BOP número 209, de 3 de novembro de 2021, por medio do presente escrito realiza as seguintes **ALEGACIONES:**

1.- Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.

“Artigo 2

1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.

2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.

“Artigo 6

1. Con respecto ás zonas especiais de conservación, os Estados membros fixarán as medidas de conservación necesarias que implicarán, no seu caso, adecuados plans de xestión, específicos aos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento, e as apropiadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais, que respondan as esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais do Anexo I e das especies do Anexo II presentes nos lugares.

2. Os Estados membros adoptarán as medidas apropiadas para evitar, nas zonas especiais de conservación, a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivasen a designación das zonas, na medida en que ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta a os obxectivos da presente Directiva.

3. Calquera plan ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de forma apreciable aos citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do devandito lugar. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no apartado 4, as autoridades nacionais competentes só se declararán de acordo con devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública”.

2.- Impactos ambientais severos.

Tramitación fraudulenta e fragmentada do Plan eólico industrial dun Clúster empresarial:

Estamos ante a fragmentación e tramitación independente en varios proxectos do que é un único Plan eólico industrial dun Clúster empresarial do que a promotora forma parte. Con isto o que se consegue, ademais da consabida axilidade e simplificación na tramitación administrativa é diluir os impactos ambientais do conxunto da infraestrutura industrial, xa que só se somete a exposición pública determinada parte do plan e de forma fraccionada no tempo, co cal resta a participación da cidadanía na avaliación ambiental do conxunto, que carece de acceso á totalidade das infraestruturas (parques e solución de evacuación) do Plan.

Indica a mercantil promotora:

“3.6.10 Subestación elevadora de tensión de parque eólico

La evacuación del Parque Eólico se hará mediante una red subterránea a 30 kV y de aproximadamente 49.070 metros de longitud total del cableado, dispuestos en 24.130 m de zanja, que recogerá la energía generada en cada uno de los aerogeneradores de dicho parque y la conducirá hasta una nueva subestación perteneciente al parque eólico denominada “SET Balocas” con una relación de transformación de 30/132 kV que emplazará un transformador de potencia de 70 MVA. Desde esta subestación se conducirá hasta la subestación colectora “Xove”, objeto de otro proyecto, concretamente del “Parque Eólico Fonte Barreiros” de 96 MW y sus infraestructuras de evacuación, actualmente en trámite de AAP ante el Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, con expediente PEol-383 mediante una línea eléctrica aérea de 132 kV. A esta subestación colectora evacuarán además de los Parques Eólico Balocas y Fonte Barreiros, el parque eólico Ruliña y el parque eólico Lucecú, existiendo un acuerdo de cooperación entre las empresas de cada uno de los parques eólicos. Desde esta subestación colectora, en la que se emplazará un transformador de potencia de 70 MVA, con una relación de transformación 132 kV/400 kV se conectará a la Red de Transporte Eléctrica mediante una línea eléctrica aérea de 400 kV a la subestación “Xove” 400 kV perteneciente a REE. Ocupa una superficie aproximada de 1.645 m2...”.

Estamos por tanto ante un Plan industrial eólico que se divide artificialmente en varios proxectos independentes:

- 1.- Parque eólico Fonte Barreiros e as súas infraestruturas de evacuación, que evacúa na Subestación colectora “Xove”.
- 2.- Parque eólico Ruliña
- 3.- Parque eólico Lucecú
- 4.- Parque eólico Balocas que conflúen todos eles nas infraestruturas comúns de evacuación, na subestación colectora “Xove”, do parque eólico Fonte Barreiros.

Existe polo tanto unha vulneración flagrante da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico:

▮ **Artigo 21. Actividades de produción de enerxía eléctrica.**

“5. Formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución, e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica”.

Non se someten a avaliación ambiental conxunta os parques e a infraestrutura de evacuación común a todos eles, que se tramitan como proxectos independentes e de forma fraccionada e artificiosa.

Con isto vulnérase de forma flagrante o espírito da Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental e a Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

👉 FRAGMENTACIÓN DO PROXECTO INDUSTRIAL EÓLICO EN VARIOS PROXECTOS INDEPENDENTES. DIVISIÓN ARTIFICIOSA E FRAUDE DE LEI.

Estase a vulnerar por tanto de forma flagrante a normativa vixente e a substraer da participación pública a avaliación ambiental conxunta da totalidade do proxecto industrial eólico.

👉 Falla de utilidade pública e interés social do parque eólico BALOCAS:

Estamos ante un proxecto eólico que prevé 24.130 metros de gabias de cableado, unha subestación de máis de 1.465 metros cadrados, unha liña aérea de alta tensión a 132 kV, que percorrerá nin máis nin menos que 56.600 metros, case 60 km a través de 8 municipios, con 202 apoios e os viais de acceso a estes apoios que a mercantil non determina, o que non é en absoluto ecolóxico nin ambientalmente viable pola fragmentación de hábitats que produce, a afección severa e irreversible á biodiversidade e o impacto paisaxístico e para o benestar das familias que viven, residen e/ou traballan nos numerosos núcleos rurais afectados. Trátase dun proxecto que obedece ao capricho e a arbitrariedade dunha mercantil que só pensa no ánimo de lucro e no seu propio beneficio. Este proxecto resume un ecocidio sen precedentes polas grandísimas afeccións e danos irreparables non só ás paisaxes senón tamén á Rede Natura 2000 e a coherencia desta.

Por todo isto este parque BALOCAS debe ser rexeitado, porque ademais tramítanse de forma fraccionada e en varios proxectos independentes en clara fraude de lei.

☞ **Ausencia do estudo do potencial eólico entre a documentación sometida a exposición pública.**

A mercantil promotora non acredita a existencia do recurso eólico.

☞ **Ausencia de retorno social do proxecto industrial eólico.**

A mercantil promotora non indica cal é o retorno social do proxecto.

☞ **Afección significativa, severa e prexuízos irreparables para a Paisaxe e á biodiversidade. Incremento do Feísmo Paisaxístico e afección severa ao turismo e á hostalería:**

O parque eólico e a súa infraestrutura de evacuación fragmenta os hábitats, os ecosistemas e implica directamente a perda de biodiversidade. Pero non é só este parque. Existen outros parques no mesmo ámbito xeográfico. O parque proxectado transforma as paisaxes de mosaicos agro –forestais e de montaña nunha paisaxe inhóspita de marcado carácter industrial inzada de muíños e liñas de alta tensión.

Destaca a zona por posuír un gran número de núcleos rurais, con ata 1.143 núcleos de poboación na entorna do parque eólico parque eólico. Con respecto á LAT, son 411 os núcleos de poboación a menos de 2.000 metros de distancia dos apoios proxectados, cunha poboación estimada de 12.000 habitantes. O impacto paisaxístico é inasumible para as familias que viven, residen e/ou traballan na entorna do parque eólico e a súa infraestrutura de evacuación. A afección ao benestar das familias é irreparable.

Por outra banda, o proxecto afecta de maneira irreversible a lugares identitarios para a poboación e as familias que viven, residen e/ou traballan no ámbito xeográfico do parque e que resultan obviadas pola mercantil promotora:

Serras da Coriscada, Faladoira, Xistral e Capelada, Monte Lavandeira, Sallicas, O Gandarón, Coto de Piñeiro, Montegordo, O Fundadoiro, Alto de Sete, O Outeiro, A Penela, Coto da Forca, Cruz dos Novás, Coto da Cruz Encarnada, pena Maior, Riazón, O Penón, O Castrillón, A Fraga, Coto de Baia, O Porto do Cabo, O Camiño Grande, O Coto, Monte de San Alberto, Monte de San Pedro, Monte de Ulfe, Coto de Riovello, A Lagoa, Coto do Tesouro, Ponte do Fundadoiro, Monte de Lavandeira, Coto do Casón, Ameneira, O Coto da Pola, Xaneira, Tauvén, Monte dos Castros, Monte Francoi, Monte Curutelo, Serra de Moles, Coto Fincova, Pena Maior, O Teixón, Coto de Sisalde, Coto de Guimil, Fervenza das Mestas, Fervenza de Carballeiro, Coto de Domende, Campo de Celia, Coto da Braña, Megalón, Coto de Arnela, Baia, Alto Ventoso, Onzaos, Ermida de Liñeiro ou Capela da Fame, Os Pedrouzos, Pena da Aguiá, O Penido de Cartas, Monte dos Candales, Campo das Guindas, Castro de Régoa, Monte das Croas, Os Lagos, A Cheda de Arriba, Cal de Liñares, Pena Bendición, Vilariño, Couce do Penido, Monte da Concesión, Pico de Moles, Montes da Croas, Castelo, Fraga Moura, O Loureiro, O Temoral, Fraga de Corbelle, O Chao da Fraga, Carranco, Castelo de San Martiño, Penido Gordo, Fonte Ferreiro, Alto da Coriscada, Poza da Ferida, Cristo da Palabra, Montes do Buio, Penas Brancas, Pena do Ferreiro, Salto do Can, A Pasada do Oreal, As Penas Altas, Monte de San Andrés, Monte dos Cabaleiros, A Pasada do Cachopo, Monte das Cavelas, Pena da Euxenia, O Temoral, Pena dos Golpes, Monte Terreiro, Veiga Mol, Lobeira, Coto da Cruz Encarnada, Monte Francoi, Chao do Pico, O Serrón, Cristo de Mourás, Fonte da Pena, Fraga da Capela...etc.

Estas paisaxes identitarias ou peculiares están construídas a partir das vidas das persoas, as súas percepcións e son moitas veces fundamentais para o sentimento de identidade e o benestar das persoas. Trátase de paisaxes identitarias das persoas que constrúen e viven na paisaxe en si, cuxas miradas probablemente non son panorámicas, nin sequera admiran, pero cuxas percepcións sensoriais descenden aos máis pequenos detalles, identificando paisaxes de vida, soños, símbolos. A mercantil promotora pretende a afección a estas paisaxes sin a preceptiva licencia social.

Estariamos a falar xa dunha paisaxe cada vez máis industrial co abandono progresivo e crecente dos tradicionais mosaicos agro-forestais e de montaña. O impacto paisaxístico e a fragmentación dos hábitats é inasumible desde o punto de vista do benestar das familias afectadas e a perda da biodiversidade é incoherente coa crise climática actual. Ao anterior hai que engadir un impacto severo e inadmisibile sobre os recursos hídricos e as zonas húmidas sensibles como os humidaes e as numerosas brañas.

☞ **Afección á Reserva da Biosfera Mariñas Terras do Miño:**

A mercantil promotora non estudou nin avaliou os impactos da LAT de evacuación, sobre todos os paisaxísticos e a conectividade ecolóxica sobre da reserva da biosfera, tendo en conta que se atopa próxima a esta infraestrutura.

☞ **Afección severa e prexuízos irreversibles para as Áreas de Interés paisaxístico (AEIP):**

AEIP Fraga dos Casás.

AEIP Fraga das Esqueiras.

AEIP Fervenza de Auga Caída.

AEIP Río Landro atravesada polas infraestruturas de evacuación coa conseguinte afección paisaxística irreparable e a afección á vexetación de ribeira que se pode considerar irreversible.

AEIP Pozo dá Ferida.

☞ **Afección severa a itinerarios de carácter patrimonial e ás paisaxes. Afección severa ao turismo e á hostalería. Afección severa ao Camiño de Santiago.**

Non avaliado pola mercantil promotora.

O Feísmo Paisaxístico propio dun territorio inzado de parques eólicos e infraestruturas afecta de forma moi severa e irreversible ao turismo e ao desenvolvemento hostaleiro da zona. A transformación do territorio afecta de forma significativa e irreversible a unha vía cultural como é o Camiño de Santiago contribuíndo a súa descontextualización.

☞ **Afección severa a Miradoiros e Feísmo Paisaxístico:**

- Mirador de A Medela, moi afectado pola LAT de evacuación.
- Mirador do Castelo, moi afectado pola LAT de evacuación.
- Mirador de Coto da Forca, a escasos metros dos aeroxeradores.
- Mirador de Alto de Monte Agudo, a escasos metros dos aeroxeradores.

☞ **Afección severa a Roteiros:**

Sen avaliar pola mercantil promotora.

☞ **Afección moi severa e prexuízos irreversibles para Itinerarios de Interés Paisaxístico:**

A mercantil promotora non avalía os impactos do proxecto sobre o turismo ornitolóxico, nin culturais nin paisaxísticos.

- ☞ **Afección moi severa e prexuízos irreparables para a Rede Natura 2000 e a súa coherencia. Falla de conectividade ecolóxica entre os ecosistemas. Cómpre ter en conta que as especies non entenden de límites xeográficos e que o mantemento da conectividade ecolóxica é fundamental para o mantemento dos ecosistemas e da coherencia da propia Rede. Afección significativa e danos irreversibles a espazos protexidos:**

Vulneración normativa: • Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Artigo 46. Medidas de conservación da Rede Natura 2000.

- A ZEPVN e ZEC Costa Artabra. Sitúase a unha distancia de 1.700 metros de distancia do aeroxerador BA-01 e dentro da poligonal.
- O ZEPVN e ZEC Ortigueira-Mera crúzase pola LAT de evacuación do Parque Eólico Balocas.
- A ZEPVN Monte Maior e Serra do Xistral a unha distancia de 1.100 e 850 metros respectivamente da LAT de evacuación.
- O ZEPVN e ZEC Río Landro: proxéctanse dous cruzamentos sobre o río Landro.
- A ZEPA Ortigueira-Mera atópase a unha distancia de 3,8 Km da LAT.

A liña de evacuación atravesará dúas Zonas de Especial Conservación (Ortigueira-Mera e Río Landro).

Río Landro

Código ZEC

ES1120012

Rexión

Atlántica

Data declaración LIC

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica.

Data declaración ZEC

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Instrumentos de planificación

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014

Concellos

Viveiro, Orouro.

Superficie

127 ha.

Situación

Na comarca da Mariña Occidental, no terzo oeste da costa da provincia de Lugo. Localidades de referencia: Viveiro, Orouro.

Outras figuras de protección

- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais “Río Landro”, de 127 ha.
- Monumento natural “Souto da Retorta”, de 3,19 ha.

Costa Ártabra

Código da ZEC

ES1110002

Rexión

Atlántica.

Data declaración LIC

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica.

Data declaración ZEC

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia.

Instrumentos de planificación

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014.

Concellos

Cariño, Ortigueira, Cedeira, Valdoviño, Narón, Ferrol, Mugardos, Ares.

Superficie

7.546 ha.

Situación

Tramo costeiro do norte da provincia da Coruña, correspondente á comarca de Ferrol e unha parte da de Ortegal. Localidades de referencia: Ferrol, Valdoviño, Cedeira, Cariño.

Outras figuras de protección

- Zona de Especial Protección para as Aves: ZEPA ES0000258 “Costa de Ferrolterra-Valdoviño”, 4.266 ha).
- Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais “Costa Ártabra” de 7.546 ha e “Costa de Ferrolterra-Valdoviño” de 4.266 ha.
- Humidal Protexido “Lagoa e areal de Valdoviño”; de 485 ha).
- Humidal Ramsar “Lagoa e areal de Valdoviño, 7ES025; 485 ha).

A área correspóndese parcialmente coa IBA 005 Costa de Ferrolterra-Valdoviño e a IBA 006 Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares, incluídas no inventario de SEO/BirdLife (1998).

Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Código	Denominación
1110	Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda

1130	Esteiros
1140	Chairas lamacentas ou areentas que non están cubertos de auga na baixamar
1150 β	Lagoas costeiras
1160	Grandes calas e baías pouco profundas
1170	Arrecifes
1210	Vexetación anual sobre argazos
1220	Vexetación perenne de coídos
1230	Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas
1310	Vexetación anual pioneira con <i>Salicornia</i> e outras especies de zonas lamacentas ou areentas
1330	Pasteiros salinos atlánticos (<i>Glauco-Puccinellietalia maritimae</i>)
1420	Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas (<i>Sarcocornetea fruticosae</i>)
2110	Dunas móbiles embrionarias
2120	Dunas móbiles de litoral con <i>Ammophila arenaria</i> (dunas brancas)
2130 β	Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)
2150 β	Dunas fixas descalcificadas atlánticas (<i>Calluno-Ulicetea</i>)
2190	Depresións intradunales húmidas
2230	Dunas con céspedes do <i>Malcolmietalia</i>
2260	Dunas con vexetación esclerófila do <i>Cisto-Lavenduletalia</i>
3130	Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de <i>Littorelletea uniflorae</i> e/ou <i>Isoeto-Nanojuncetea</i>
3150	Lagos eutróficos naturais con vexetación <i>Magnopotamion</i> ou <i>Hydrocharition</i>
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitricho-Batrachion</i>
4020 β	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos
4040 β	Queirogais secos atlánticos costeiros de <i>Erica vagans</i>
5230 β	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6220 β	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxillo-limosos (<i>Molinion caeruleae</i>)
6420	Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do <i>Molinion-Holoschoenion</i>
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude (<i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i>)
7110 β	Turbeiras altas activas
7120	Turbeiras altas degradadas que aínda poden rexenerarse de xeito natural
7130 β	Turbeiras de cobertor (* para as turbeiras activas)
7140	'Mires' de transición
7150	Depresións sobre substratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>
7210 β	Turbeiras calcarias do <i>Cladium mariscus</i> e con especies do <i>Caricion davallianae</i>
7220 β	Mananciais petrificantes con formación de tuf (<i>Cratoneurion</i>)
7230	Turbeiras baixas alcalinas
8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	Covas non explotadas polo turismo

8330	Furnas mariñas
9180 ß	Bosques de encostas, desprendementos ou barrancos do <i>Tilio-Acerion</i>
91E0 ß	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>)
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>

Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
<i>Centaurea borjæ</i>	<i>Coenagrion mercuriale</i>	<i>Alosa alosa</i>
<i>Culcita macrocarpa</i>	<i>Elona quimperiana</i>	<i>Alosa fallax</i>
<i>Festuca brigantina</i>	<i>Euphydrias aurinia</i>	
<i>Narcissus asturiensis</i>	<i>Geomalacus maculosus</i>	
<i>Omphalodes littoralis</i>	<i>Lucanus cervus</i>	
<i>Rumex rupestris</i>		
<i>Sphagnum pylaisii</i>		
<i>Trichomanes speciosum</i>		
<i>Woodwardia radicans</i>		

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Caretta caretta</i>	<i>Galemys pyrenaicus</i>
<i>Chelonia mydas</i>	<i>Halichoerus grypus</i>
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Lutra lutra</i>
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Myotis myotis</i>
<i>Lacerta monticola</i>	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Rhinolophus hipposideros</i>

Ortigueira - Mera

Código ZEC

ES1110001

Rexión

Atlántica

Data declaración LIC

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica atlántica.

Data declaración ZEC

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Instrumentos de planificación

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014

Concellos

Cariño, Ortigueira, Cerdido, As Pontes de García Rodríguez, As Somozas.

Superficie

3.868 ha.

Situación

No extremo norte da provincia da Coruña, pertencente ás comarcas de Ortegal e Ferrol. Localidades de referencia: Santa Marta de Ortigueira, Cariño e Moeche.

Outras figuras de protección

- Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais “Ortigueira – Mera”, de 3.868 ha, e “Ría de Ortigueira e Ladrado”, de 3.025 ha.
- Humidal Protexido “Ría de Ortigueira e Ladrado”; 3.025 ha.
- Zona de Especial Protección para as Aves, ZEPA ES0000086 “Ría de Ortigueira e Ladrado”, 3.025 ha.
- Humidal Ramsar “Rías de Ortigueira e Ladrado, de; 2.920 ha).

A área correspóndese parcialmente coa IBA 006 Punta Candeeira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares, incluída no inventario de SEO/BirdLife (1998).

Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Código	Denominación
1110	Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda
1130	Esteiros
1140	Chairas lamacentas ou areentas que non están cubertos de auga na baixamar
1150 β	Lagoas costeiras
1160	Grandes calas e baías pouco profundas
1170	Arrecifes
1210	Vexetación anual sobre argazos
1230	Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas
1310	Vexetación anual pioneira con <i>Salicornia</i> e outras especies de zonas lamacentas ou areentas
1320	Pasteiros de <i>Spartina</i> (<i>Spartinion maritimi</i>)
1330	Pasteiros salinos atlánticos (<i>Glauco-Puccinellietalia maritimae</i>)
1420	Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas (<i>Sarcocometea fruticosae</i>)
2110	Dunas móbiles embrionarias
2120	Dunas móbiles de litoral con <i>Ammophila arenaria</i> (dunas brancas)
2130 β	Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)
2190	Depresións intradunales húmidas
2230	Dunas con céspedes do <i>Malcolmietalia</i>
3130	Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de <i>Littorelletea uniflorae</i> e/ou <i>Isoeto-Nanojuncetea</i>
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitriche-Batrachion</i>
4020 β	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos
5230 β	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6220 β	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxilo-

	limosos(<i>Molinion caeruleae</i>)
6420	Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do <i>Molinion-Holoschoenion</i>
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude (<i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i>)
7220 β	Mananciais petrificantes con formación de tuf (<i>Cratoneurion</i>)
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	Covas non explotadas polo turismo
8330	Furnas mariñas
9180 β	Bosques de encostas, desprendementos ou barrancos do <i>Tilio-Acerion</i>
91E0 β	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>)
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>

Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
<i>Culcita macrocarpa</i>	<i>Elona quimperiana</i>	<i>Alosa alosa</i>
<i>Trichomanes speciosum</i>	<i>Geomalacus maculosus</i>	<i>Alosa fallax</i>
<i>Woodwardia radicans</i>	<i>Lucanus cervus</i>	<i>Petromyzon marinus</i>
	<i>Margaritifera margaritifera</i>	<i>Salmo salar</i>

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Caretta caretta</i>	<i>Lutra lutra</i>
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Rhinolophus hipposideros</i>
<i>Lacerta monticola</i>	
<i>Lacerta schreiberi</i>	

☞ **Afección severa e prexuízos irreparables para as Áreas Importantes para a Conservación das Aves (IBAS):**

Son zonas consideradas pola devandita asociación como espazos naturais que deben ser preservados co obxectivo de que sobrevivan as aves máis ameazadas e representativas que habitan neles.

IBA “Costa da Morte (Norte)”. Costa de Ferrolterra-Valdoviño”, que se atopa na poligonal do parque eólico.

☞ **Afección a Árbores Senlleiras e incremento do Feísmo Paisaxístico:**

Souto dá Retorta, un exemplar de *Eucalyptus globulus* ao que coloquialmente se coñece como “O Avó”, atópase a unha distancia aproximada de 450 metros dun dos vértices da LAT proxectada.

☞ **Afección moi severa e prexuízos significativos para os recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA). AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROXEOLÓXICO QUE GARANTA A CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS E SOTERRADAS E A NON AFECCIÓN AOS ACUÍFEROS:**

Non existe un estudo hidrolóxico serio e rigoroso que analice os caudais dos cauces nin valore a calidade das augas. Tampouco existe un estudo hidroxeolóxico que garanta a non afección á calidade das masas de augas soterradas e a integridade dos acuíferos.

A afección aos recursos hídricos é inasumible. Existen cauces afectados como:

Rego de Troitín, rego das Minas, rego de San Martiño, rego do Lombao, rego da Picheira, rego da Cova, rego de Bravos, rego dos Monteiros, rego de Tanxouga, rego do Loureiro, o val fluvial do río Landró e os seus numerosísimos afluentes; rego de Carabelote, rego da Penagosa, rego das Longas, Fonte Escourido, rego da Santa, rego de Penas altas, rego das Castiñeiras, val fluvial do río Sor e os seus afluentes: rego do Seixo, rego de San Roque, rego de San Pedro, rego do Porto, rego da Areosa, rego da Biobarba, rego de Panda, rego Soutullo rego de Boimente; rego do Cristo, val fluvial do río Covo, rego do Vilar, rego de Bravos, rego de Meixofrío, rego da Cruz, rego do Feal, rego das Baras, río Baleo, río Maior, rego da Armada, rego de Fóra, val fluvial do río Mera, rego de Riovello, rego Puruxas...etc.

A mercantil promotora obvia a importancia dos vales fluviaes da zona de implantación do proxecto e do traxecto da LAT de evacuación. De feito e pese a configurarse varios deles non menciona a ningún.

☞ **Afección severa e prexuízos irreversibles para o sistema de brañas e humidais da zona de afección do proxecto:**

Existen varios humidais, brañas e charcas afectadas pola instalación dos aeroxeradores. A mercantil promotora non menciona as brañas afectadas polos aeroxeradores.

Os humidais máis próximos ao parque eólico o encoro das Forcadas e Enseada de Esteiro e respecto á LAT as brañas: Monte Maior e Casal do Conde.

Nunha entorna de 20 km² 45 humidais. A extensión destes humidais (efecto Serra dá Capelada) supera as 9.500 ha. Nunha entorna de 10 km² atópanse 18 cunha extensión de 3.600 ha, entre os que se atopan encoros e lagoas importantes para a avifauna como o encoro das Forcadas ou multitude de "Brañas". Sen embargo, a mercantil promotora, non estuda nin avalía, nin siquera identifica estas brañas e humidais que como espazos sensibles constitúen espazos e reservorios de recursos hídricos, hábitats prioritarios e de fonte de biodiversidade.

Cómpre ter en conta que as infraestruturas afectan de forma irreversible a estes espazos. Ademais os aeroxeradores aséntanse practicamente sobre humidais, brañas e lagoas. A propia toponimia xa indica que estamos en presenza de humidais, Brañas e Lagoas. A afección aos recursos hídricos é irreversible. As importantes remocións de toneladas de terra para a instalación das cimentacións e plataformas dos aeroxeradores pode romper acuíferos e afectar seriamente ás masas de auga soterradas. Os humidais son fontes de vida, xa que o 40 % das especies do mundo viven ou se reproducen nestes espazos. Tamén son fonte de auga limpa e de alimento, de feito, unha de cada sete persoas depende dos humidais para o seu sustento. Os servizos que brindan os humidais son incalculables e insubstituíbles.

Centos de hectáreas de lagoas, lagos, brañas, xunqueiras, bosques húmidos e turbeiras están en serio risco de desaparición por mor da expansión denscontrolada de eólicos en Galicia. En Galicia só hai 5 humidais protexidos ao abeiro do Decreto 110/2004, do 27 de maio. Posteriormente no ano 2008 a Xunta de Galicia aprobaba o Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia, vixente na actualidade. Desde o ano 2008, data de creación do Inventario como rexistro público de consulta dos humidais, a Xunta abandonouno por completo e non se molestou en inventariar debidamente os humidais galegos incumprindo de cheo a Directiva 2000/60/CE, pola que e establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas (en diante DMA).

O obxectivo ambiental da DMA é "establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais, as augas de transición, as augas costeiras e as augas subterráneas que preveña todo deterioración adicional e protexa e mellore o estado dos ecosistemas acuáticos e, con respecto ás súas necesidades de auga, dos ecosistemas terrestres e humidais directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos".

A inscrición dun humidal no Inventario de humidais de Galicia deixará constancia, como mínimo da súa dentificación, denominación e descrición, codificación e denominación do humidal, descrición xeral do humidal, tipoloxía, localización e superficie, localización xeográfica, administrativa e hidrolóxica, superficie do humidal, hábitats, vexetación e flora, fauna, réxime de protección, plans e medidas de conservación, estado de conservación e cartografía.

Ao non delimitarse debidamente os humidais do Inventario dificilmente se poden identificar, controlar e moito menos cumprir cos obxectivos de calidade destas masas de auga que esixe a DMA e por tanto, xa non habería ningún obxectivo ambiental que cumprir, abandonando a súa sorte estes espazos que prestan grandes e valiosos servizos ecosistémicos.

O desleixo da Xunta de Galicia con respecto aos humidais e de tal envergadura que na praxe a cidadanía ten que pasar polo que indican as empresas nos proxectos, sen poder constatar a veracidade do que neles se realta. As obras de construción dos parques eólicos sobre estes espazos ou con afección aos mesmos, provoca a desaparición dos valores naturais destes. A apertura de viais, as cimentacións dos muíños, as gaviás de cabreado, a construción das subestacións eléctricas, as liñas de evacuación e os centros de seccionamento están a provocar a fragmentación e drenaxe destas zonas húmidas con un impacto ambiental irreversible e inasumible nunha época de crise climática como a actual.

As turbeiras son importantes sumidoiros de carbono e por tanto son cruciais para facer fronte a unha emerxencia climática que está a acelerar a perda de biodiversidade. Os humidais están a desaparecer máis rápido que ningún outro ecosistema e a implantación de parques eólicos non seu ámbito xeográfico non é a solución adecuada para contribuír ao cambio climático. Existen numerosas zonas de humidais, xuncais, brañas e lagoas e directamente afectadas polos aeroxeradores. En consoancia co artigo 21 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, relativo á consideración do cambio climático na planificación e xestión territorial e urbanística, así como nas intervencións no medio urbano, na edificación e nas infraestruturas do transporte, os humidais, as brañas e as lagoas, ao igual que as nascencias dos ríos deberan ser consideradas zonas de sensibilidade e exclusión de infraestruturas eólicas, pola súa importancia para a biodiversidade, conectividade e provisión de servizos ecosistémicos.

☞ **Afección severa ao Escribano Palustre:**

As Liñas Eléctricas proxectadas sitúanse en área de presenza potencial Plan de recuperación do Escribano palustre (*Emberiza schoeniclus L. subsp. lusitanica* Steinbacher) en Galicia. As áreas de presenza e prioritarias de conservación máis próximas, os Canizais de Outes, sitúanse preto das infraestruturas.

En relación á escribenta das canaveiras e os proxectos eólicos que poidan ter algunha incidencia sobre a especie, indicar que a Xunta de Galicia, tras darse a sí mesma un prazo de 6 anos para facelo (desde o 2013), non chegou a determinar os perímetros de protección dos humidais que constitúen o hábitat potencial desta especie en perigo de extinción.

A cuestión non é baladí porque hai unha mancha de parques eólicos que afectan a esta especie con charcas e humidais cuxo perímetro están sen determinar e a saber cal é a área comprendida no ámbito do Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta, da que unicamente aparece nunha representación gráfica e fica por tanto o seu perímetro de zonificación ás expensas das avaliacións que realicen as mercantís promotoras eólicas.

Por outra banda o artigo 4 do Decreto que aproba o plan de recuperación da especie, referido a súa revisión indica que:

"2. Co fin de adaptar o plan aos novos condicionantes existentes para a conservación da subespecie, avalíaranse os seus resultados cada 6 anos, e modificarase no caso de que se requira o reaxuste das medidas de recuperación", non existindo constancia desta avaliación tras o transcurso do período indicado.

O referido plan tamén indica na súa exposición de motivos que:

"A aprobación deste plan executivo vincula tanto os particulares como as administracións competentes, que deben cumprir as directrices e actuacións contidas neste decreto".

"Debido ao declive poboacional estimado e ao reducido tamaño da poboación actual, a subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras aparece recollida no anexo I do Decreto 88/2007 na categoría «en perigo de extinción». Esta categoría está reservada para aquelas especies cuxa supervivencia é pouco probable se os factores causantes da súa actual situación seguen actuando.

A catalogación dunha especie como en perigo de extinción implica a elaboración dun plan de recuperación cuxo fin é garantir a conservación da especie que vive en estado silvestre no territorio da Comunidade Autónoma, dos seus hábitats e establecer medidas adecuadas que permitan preservar, manter e restablecer as súas poboacións naturais facéndolas viables".

O artigo 3 do Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L.subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia indica:

“A finalidade do plan de recuperación, de acordo cos antecedentes e razóns que se expoñen no anexo I, é a de inverter a tendencia demográfica regresiva da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras en Galicia ata que se limite de xeito significativo o seu risco de extinción nun horizonte temporal de 20 anos, se acade a recuperación das localidades de reprodución coñecidas que se perderon e unha poboación reprodutora superior a 112 parellas”.

Sen embargo, este obxectivo de recuperación previsto no Decreto do ano 2013 queda moi lonxe da realidade e a situación da especie é de especial gravidade.

No Censo de Escribenta das canaveiras *Emberiza schoeniclus lusitanica* en Galicia 2018, indícase a priori, que a escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus*) debería empezar a dar sinais de recuperación en Galicia. A pesar da súa vulnerable situación, é unha das escasísimas especies ameazadas que conta cun plan de recuperación aprobado pola Xunta (só son 3 de 198, segundo teñen denunciado repetidamente varias entidades ecoloxistas). Mais os resultados dun novo censo volven advertir da necesidade de medidas efectivas. *“Segundo os datos dispoñibles, quedarían unhas 20 parellas reprodutoras en Galicia fronte ás case 70 censadas en 2005, o que supón unha redución de arredor do 70% en tan só 13 anos”*, advirte o traballo, realizado por Emilio Martínez Sabarís, Xabier Prieto Espiñeira, José Ramón Castro Gómez, José Luis Rabuñal Patiño, Cosme Damián Romay Cousido, Álvaro Rodríguez Pomares e Francisco Rosende Maneiro.

En cumprimento da Directiva 2009/147/CE do Parlamento europeo e do Consello do 30 de novembro de 2009 relativa á conservación das aves silvestres e o Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L.subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia e o disposto no Anexo IV do mesmo referido ao calendario de actuacións, cómpre que a Dirección Xeral de Planificación Enerxética de Recursos Naturais proceda á suspensión das avaliacións ambientais de todos aqueles proxectos industrias eólicos, plans e programas que poidan afectar á conservación da especie en tanto en canto non se proceda á determinación dos perímetros de protección dos humidais que constitúen o hábitat potencial desta ave en perigo de extinción e se garanta a conservación da especie e dos seus hábitats nun estado de conservación favorable.

Ver NOTA CIENTÍFICA “Censo de Escribenta das canaveiras *Emberiza schoeniclus lusitanica* en Galicia 2018” de Emilio Martínez Sabarís, Xabier Prieto Espiñeira, José Ramón Castro Gómez, José.

Afección severa e irreversible ao benestar das familias que viven, residen e traballan nos núcleos rurais afectados:

Cómpre ter en conta que a mercantil promotora só avalía as afeccións, e aínda así de maneira insuficiente, para as poboacións máis próximas e obviando o resto de núcleos que están dentro da poligonal do parque, entendendo esta como a superficie afectada por este. A altura dos aeroxeradores de 200 metros e a súa proximidade aos núcleos habitados implica unha particular afección sobre o benestar e a saúde das familias afectadas. Cómpre indicar tamén a presenza doutros parques eólicos na entorna, que tamén se atopan na cunca visual deste parque, coa conseguinte acumulación de afeccións. A mercantil promotora recoñece impactos significativos para os núcleos de poboación afectados polo p.e. Balocas e a súa infraestrutura de evacuación: ruidos das voaduras puntuais durante a fase de execución do parque, contaminación acústica e electromagnética durante o funcionamento, ou efecto de “sombra” das pás, alteracións das sinais de radio e televisión... etc. Ao que hai que engadir o impacto paisaxístico co que hai que convivir o resto da vida...

As afeccións do parque eólico proxectado son particularmente importantes para os núcleos de:

Carbeira en Valdoviño a 619 metros do aeroxerador BA-01

Os Romeos en Valdoviño a 589 metros do aeroxerador BA-02

Augalevada en Valdoviño a 677 metros do aeroxerador BA-03

O Seixidal en Valdoviño a 566 metros do aeroxerador BA-04

Monte en Moeche a 515 metros do aeroxerador BA-05

Monte en Moeche a 622 metros do aeroxerador BA-06

Vilariño en Moeche a 708 metros do aeroxerador BA-07

Peneiro en Moeche a 612 do aeroxerador BA-08

Pena do Bico en Cerdido a 570 metros do aeroxerador BA-09

Noval en Cerdido a 519 metros do aeroxerador BA-10

Noval en Cerdido a 573 metros do aeroxerador BA-11

Barbas en Cerdido a 700 metros do aeroxerador BA-12

Rio vello en Cerdido a 563 do aeroxerador BA-13

En relación á LAT proxectada hai 52 núcleos de poboación a menos de 500 metros do seu trazado, resultando especialmente afectado A Dorna, a tan só 115 metros e outros como Fercoi, Seixidal, Chao do Souto..etc.

O parque eólico afecta especialmente a núcleos obviados pola mercantil promotora como: Leboreiro, Trieiro, Louridos, Monte, Vilariño, Sete de Arriba, O Coto, Seixo, Canteiro, Xanfero, Gundiás, O Carbeiras, As Loibas, As Sete Pontes, Bañoca, O Castro, Leboriz, Vilariño, Monte, Canosa, A Gangoa, Valdixe, Casaldaia de Abaixo, A Rañoa, Os Castros, Caho, Ulfe de Malados, Ulfe de Chao, Xaneira, As Seixas, Carballal, Lobeira, A Casillas, Riovello, Rioforcado, Díaz, Castrillón, O Vilar, Casavide, O Feal, Barbas, A vila da Igrexa, Domende, A Campeira, A Auga Levada, Vilaboboa, Os Romeos, As Folgueiras, A Pedreira, Fontefría, Os Freires, A Carbeira, Viladóniga, O Piñeiro, Rebordaos, Xiao, As Seixas, Penso, Os Cubos, A Rocha, San Alberto, Rediz, A Pena, Gundiás, Peneiro, As Cancelas, A Paleira, A Barqueira, O Porto, Coutillón, Seoane, Regueirolongo, A Barrosa, Xiao, A Vispeira, A Figueira, A Vilaxe, Os Bidueiros, O Pereiro, O Carbeiral, As Loibas, Abade, Mil de Abaixo, San Pedro, O Seixidal, Loira, A Graña, Vilapedre, AS Barbelas, Monte, O Piñón, A Mina, Os Abuñeiros, A Avispeira, A Rañoa, As Barbelas, O Porto, Escote, As Travesas, Os Pereiros, O Espiño, A Casavella, Abelleira de Abaixo, Vilela, Penadobico, Barreiros, Gondredo, Casaldegonce, O Peneiro, parroquia de Esteiro, Sisalde, A Laxe, A Poza, parroquia de San Martiño de Cerdido, Pontellas, O Río, Areosa, parroquia de San Vicenzo de Vilaboa, San Xiao de Montoxo, Liñares, Ervellás, Freixeiro, Chavín, Fuxín, Sta. María de Mañón, Os Murados de Barcia, ...etc.

Pero ademais a incidencia visual e paisaxística do parque eólico proxéctase máis ampla para outros núcleos que non avalía a mercantil promotora e cómpre ter en conta que non existe licenza social para a instalación deste parque eólico.

☞ ÉXODO POBOACIONAL PARELLO Á INSTALACIÓN DE INDUSTRIAS AGRESIVAS COA ENTORNA E CO MEDIO AMBIENTE. PRESIÓN INDUSTRIAL EXCESIVA:

Impacto non avaliado pola mercantil promotora. O interese público e a utilidade social do proxecto carece de base e xustificación. Así o acredita o forte rexeitamento social á instalación masiva de parques eólicos nos núcleos rurais de Galicia. Nun rural no que a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado permiten inzar muíños en calquer lugar como así o acredita o feito de que na mesma área xeográfica existan máis instalacións eólicas previstas como se citou anteriormente.

O Plan Básico autonómico indica que no ámbito xeográfico do proxecto Balocas xa hai un total de 598 aeroxeradores en funcionamento que corresponden a parques como Moeche, Somozas ou Coucepenido a uns 3 km aproximadamente. A isto hai que engadir os parques previstos nun futuro próximo, estimándose entre parques que contan con autorización e os solicitados uns 763 aeroxeradores. Destes parques prevese a futura implantación do parque eólico Dos Penidos, Monte de Outeiro, O Gandarón, Tormenta...etc. Tanto o parque eólico Monte de Outeiro como o parque eólico Dos Penidos localízanse a escasa distancia dos aeroxeradores BA08 e BA02. O mesmo ocorre cos parques eólicos "Serra de Panda (antes Coriscada II)", "Pena Ventosa" e "Rioboo", tamén moi próximos.

*Ausencia dun inventario ambiental serio e cumprindo co esixido no artigo 35 e Anexo VI da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental: deficiencia do estudo da fauna, da flora, da biodiversidade...

*A promotora obvia a importancia microlóxica da área de afección do proxecto.

*A promotora obvia a importancia económica e ambiental da apicultura do lugar de afección do proxecto.

* A promotora obvia a importancia do cultivo da castaña e dos soutos.

☞ **VULNERACIÓN FLAGRANTE DA LEI 7/2012, DE 28 DE XUÑO DE MONTES DE GALICIA. ELIMINACIÓN DA MULTIFUNCIONALIDADE DO MONTE.**

O uso predominante na área de afección do proxecto é o uso forestal e agro –gandeiro.

O monte é un sector estratéxico na economía galega que contribúe a mitigar o cambio climático e á descarbonización da economía. Aspecto non avaliado pola promotora. A mercantil promotora non avalía o impacto da estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación sobre o benestar das familias dos núcleos habitados e o posible éxodo poboacional que se pode dar derivado da mancha de estacións eólicas que hai no territorio e outras infraestruturas, que dificultan a vida no rural e a sustentabilidade e viabilidade das explotacións forestais e agro – gandeiras (fomentando o feito coñecido como despoboamento do rural ou España baleirada). A este respecto debera informar a Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico, en tanto en canto como ben di a exposición de motivos da referida lei, o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego.

Como ben indica o artigo 25 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, relativo ao “Desenvolvemento rural: política agraria, política forestal e enerxías renovables”:

“O Goberno incorporará na aplicación da Política Agraria Común, así como noutras estratexias, plans e programas en materia de política agraria e de desenvolvemento rural, e no Plan Forestal Español, medidas encamiñadas a reducir a vulnerabilidade ao cambio climático dos chans agrícolas, dos montes e dos chans forestais e para facilitar a preservación dos mesmos, entre elas, a elaboración dun mapa de vulnerabilidade, así como a avaliación e promoción de sistemas agrícolas e prácticas de xestión forestal sostibles para aumentar a súa resiliencia fronte ao cambio climático, que fomentarán en todo caso as sinerxias coa redución de emisións de gases de efecto invernadoiro nestes ecosistemas”.

Acorde coa lei 2/2016, as clasificacións do chan son:

- Chan Rústico de Protección Forestal.
- Chan Rústico de Protección Agropecuaria
- Chan Rústico de Protección das Augas.
- Chan Rústico de Protección Paisaxística
- Chan Rústico de Protección de Espazos Naturais

O proxecto eólico elimina de forma irreversible a funcionalidade do monte, das terras agrícolas e implica afeccións irreversibles aos recursos hídricos e ás paisaxes.

A importancia forestal da zona manifestase na existencia das Comunidades de montes en man común:

Padrón, Seixos e Peón; Coriscada e Vilariño; Castelo de San Martiño e Fragamoura; Castelo; Buiro; Medela e Rozada; Burgo de Trasbar.

Exposición de motivos

O monte, ademais da importancia económica e social referenciada en Galicia, ten unha función medioambiental que se reconece e acrecenta progresivamente. A relación da sociedade galega co monte evolucionou considerablemente desde o último terzo do século pasado, xerando unha nova configuración baseada na esixencia do desenvolvemento sustentable e do aproveitamento racional dos recursos forestais. Así, os bosques aparecen como un elemento básico da estratexia ambiental como reservorios e depósitos de fixación de carbono, que chegan a fixar hoxe máis de 42 millóns de toneladas, o que os converte en piares fundamentais para o cumprimento dos compromisos adquiridos no protocolo de Quioto.

Ademais, unha parte significativa dos montes galegos, predominantemente veciñais en man común, están incluídos na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos, o que revela a importancia dos bosques galegos no mantemento da riqueza e da biodiversidade da nosa flora e da nosa fauna, así como o papel tan importante que os montes desempeñan na protección do solo, da paisaxe, dos sistemas hidrolóxicos e de todos os ecosistemas que as formacións arbóreas albergan. Con este fin, regúlase na Lei de montes de Galicia unha serie de actuacións tendentes a previr e reducir a degradación do monte e a fomentar a súa restauración, dirixidas a paliar a sobreexplotación de determinados recursos, condicionando e preservando a masa forestal ante as actividades de índole extractiva, as urbanizacións, as áreas industriais e os trazados de grandes infraestruturas, e afondando no concepto de xestión sustentable e, especialmente, no manexo forestal responsable.

O monte é, ademais, un espazo que determina a paisaxe e a identidade da nosa comunidade, ao tempo que ten un compoñente social de recreo, de lugar de encontro, lúdico e de gozo dos cidadáns. A lei trata de compatibilizar a funcionalidade medioambiental, social e estética do monte, cuxos beneficios intanxibles son aproveitados por toda a sociedade, e uns lexítimos beneficios directos que corresponden aos seus titulares. De aí que a lei persiga, como un dos seus obxectivos fundamentais, adaptar a realidade forestal galega ás esixencias, cada vez maiores, dunha sociedade, madura e moderna, como a de Galicia, que debe cohonestarse cos dereitos á percepción de rendas, froitos e utilidades dos propietarios forestais e dos silvicultores.

Artigo 5. Función social dos montes

1. Os terreos forestais galegos constitúen un recurso estratéxico que deberá contribuír ao desenvolvemento socioeconómico de Galicia, xerando rendas e emprego na Comunidade Autónoma mediante un aproveitamento sustentable dos seus recursos e servizos.

2. Os montes desenvolven unha función social relevante, nos termos do artigo 4 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

3. A consellaría competente en materia forestal promoverá a dispoñibilidade de montes ou terreos forestais para fins sociais, educativos, ambientais e recreativos, compatibilizados coa súa potencialidade e utilización forestal.

4. A conservación, a expansión e o aproveitamento das masas forestais, segundo os criterios de xestión forestal sustentable e o disposto nesta lei, son de interese público, sen prexuízo do réxime da propiedade.

E cómpre ter moi en conta o artigo 4 da Lei 43/2003, que indica:

“Artículo 4. Multifuncionalidad de los montes.

Los montes, independientemente de su titularidad, desempeñan una función social relevante, tanto como fuente de recursos naturales y sustento de actividades económicas como por ser proveedores de múltiples servicios ambientales, entre ellos, de protección del suelo y del ciclo hidrológico; de fijación del carbono atmosférico; de depósito de la diversidad biológica y como elementos fundamentales de la conectividad ecológica y del paisaje.

El reconocimiento de estos recursos y externalidades, de los que toda la sociedad se beneficia, obliga a las Administraciones públicas a velar en todos los casos por su conservación, protección, restauración, mejora y ordenado aprovechamiento”.

Polo tanto,

O uso forestal e a funcionalidade actual dos montes afectados polo parque eólico BALOCAS E A SÚA INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN PREVALECEN sobre o uso previsto no proxecto eólico citado e RESULTA INCOMPATIBLE a actual utilidade e funcionalidade dos montes cos usos eólicos previstos.

☞ **AFECCIÓN SEVERA E PREXUIZOS SERIOS E IRREPARABLES PARA AS EXPLOTACIÓNS AGRO-GANDEIRAS DA ÁREA DE AFECCIÓN DO PROXECTO:**

A estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación fragmentan as explotacións agro –gandeiras coa conseguinte perda da base territorial destas e a perda de rendementos. A fragmentación que produce a infraestrutura eólica resulta incompatible cos obxectivos da Política agraria comunitaria (PAC). A empresa promotora non avaliou os impactos do proxecto sobre estas explotacións económicas e como repercute a estación eólica nas economías familiares dos núcleos afectados.

É por tanto un proxecto industrial agresivo non só coa paisaxe senón también incompatible co medio de vida e o benestar das familias porque implica unha transformación severa e incluso agresiva para o seu sustento económico e á base das economías familiares do rural afectado.

☞ **Prexuizos significativos e danos irreversibles para os hábitats prioritarios e de interés comunitario:**

4030 Brezais secos europeos, 4020* Brezais húmidos atlánticos de zona tépedas de Erica ciliaris e Erica tetralix, 4090 Brezais oromediterráneos endémicos con aliaga, 9230 Carballeiras galaicoportugueses con Quercus robur e Quercus pirenaica, 8230 Rochedos silíceos con vexetación pioneira 91E0* Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior 3110 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo 6230* Formacións herbosas con Nardus 8220 Ladeiras e saíntes rochosos silíceos con vexetación casmofítica 3150 Lagos e lagoas eutróficos naturais, con vexetación Magnopotamion ou Hydrocharition 5110 Formacións estables xerothermófilas de Buxus sempervirens en pendentes rocosas, 6430 Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino, 3170* Estanques temporais mediterráneos.

O proxecto elimina de forma irreversible unha parte importante destes hábitats vulnerando de forma flagrante a normativa que obriga a súa preservación nun estado de conservación favorable.

A mercantil reconece afeccións irreversibles para os hábitats prioritarios Brezais húmidos atlánticos, Cod. UE 4020 na zona dos aeroxeradores. Esta eliminación do hábitat é ilegal e o dano é irreversible.

☞ **Prexuízos significativos e irreparables para o bosque de ribeira e o bosque autóctono galego ou ancient wood:**

**Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.

“Artigo 2 1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado. 2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.

No presente proxecto a afección aos bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* Hábitat 91E0* é moi preocupante, xa que implica a eliminación irreversible de exemplares, contrariamente ao que prescribe a Directiva citada.

Pero tamén é moi preocupante a afección severa e irreversible ás Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* 9230, hábitat non prioritario pero que igualmente existe o deber das Administracións públicas do seu mantemento nun estado de conservación favorable. A afección máis importante e severa prodúcese sobre dos numerosos cauces innominados afectados polas infraestruturas e que están sen codificar.

☞ **Prexuízos significativos para o Lobo. Plan de Xestión do Lobo de Galicia.**

O proxecto afecta directamente a zonas de encame e puntos de encontro da especie. Así o demostra non só a realidade física senón tamén os numerosos topónimos que referencian a presenza lobeira na zona. Existen multitude de referencias á presenza dos puntos de encontro lobeiros e testemuñas desta realidade. Neste sentido este proxecto afecta directamente e de forma irreversible aos hábitats da especie. Falla de avaliación por parte da promotora. Hai que ter en conta que a corta de matogueira e a ocupación do terreo ten impactos significativos para a especie. Non se siguen os criterios dos expertos que indican:

“Recoméndase que na fase de planificación dun novo parque eólico (fase proxecto) consúltense as fontes dispoñibles acerca da presenza de mandas de lobos na zona. Desta maneira, tendo en conta os requirimentos da especie e o que se coñece do efecto dos parques eólicos sobre os lobos, poden minimizarse, e mesmo, evitarse impactos negativos sobre este cánido.

• É conveniente que durante a planificación dun parque eólico identifiquense as principais manchas de vexetación arbustiva e evítese, na medida do posible, a súa fragmentación e destrución”.

A totalidade das infraestruturas eólicas fragmentan os hábitats das especies producindo prexuízos significativos para unha especie de marcado carácter territorial. Os lobos son TERRITORIAIS, e os lobos que nun territorio alleo no que non estean abertos a aceptar elementos novos, serán eliminados. O 70% dos lobos que morren por causas naturais o son por esta causa.

O Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e o Medio Natural de Europa, foi asinado en Estrasburgo (Francia) en 1979. Este convenio incluíu ao lobo no Anexo II “Especies de fauna estritamente protexidas”, constando as prohibicións correspondentes no seu art. 6. Este Convenio debe o seu valor a tres características fundamentais: o seu carácter xeneralista, a concepción da lista 9 única de especies e a incorporación da política conservacionista na planificación económica.

O artigo 56 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a protección para todas as especies amparadas por tratados e convenios internacionais, como o de Berna, ratificado por España, polo que en caso de non ter dita consideración estaríamos ante un incumprimento flagrante das obrigacións derivadas do Convenio de Berna, e da subseguinte Directiva Hábitats 92/43/CEE, en relación a unha especie protexida e de interese comunitario como o Lobo.

☞ **Prexuízos significativos e incompatibles coa avifauna:**

Circus pygargus

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Catálogo Galego de Especies Ameazadas: “Vulnerable”

Catálogo Nacional de Especies Ameazadas: “Vulnerable”

Circus cyaneus

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Catálogo Galego de Especies Ameazadas: "Vulnerable"

Especie en Réxime de Protección Especial

Circaetus gallicus

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Especie en Réxime de Protección Especial

Hieraaetus pennatus

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Especie en Réxime de Protección Especial

Milvus migrans

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Especie en Réxime de Protección Especial

Aegypius monachus

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Catálogo Nacional de Especies Ameazadas:

"Vulnerable" *Gyps fulvus*

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Especie en Réxime de Protección Especial

Falco peregrinus

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Especie en Réxime de Protección Especial

Falco columbarius

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Especie en Réxime de Protección Especial

Bubo bubo

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Catálogo Galego de Especies Ameazadas: "Vulnerable"

Especie en Réxime de Protección Especial

Hai que destacar, a Ra ibérica (ra patilarga), Pelobates cultripes (sapo de espuelas), Chalcides bedriagai (eslizón ibérico) especies rexistradas como “Vulnerable” no Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas; e Chioglossa lusitanica (píntega rabilarga) catalogada como “Vulnerable” por elDecreto 88/2007 e polo Real Decreto 139/2011.

O proxecto afectará de forma irreversible ás especies ameazadas e vulnerables.

Afección severa ao patrimonio cultural e arqueolóxico e a súa descontextualización:

Relación de bens afectados e distancia en metros á infraestrutura próxima:

Alfoz Castelo de Castro Ouro LAAT 12,17

Cervo Antigo complexo siderúrxico e cerámico de Sargadelos LAAT 4,76

Cervo Fábrica de Cerámica de Sargadelos ligada ao Laboratorio de Formas LAAT 5,45

Foz Castelo de Frouseira LAAT 15,47

Mañón Torre de Lama LAAT 9,95

Moeche Castelo de Moeche Poligonal 2,40

O Valadouro Torre de Parga LAAT 9,21

San Sadurniño Castelo de Naraio Poligonal 10,42

Viveiro Igrexa de San Pedro LAAT 1,97

Viveiro Mosteiro de Nosa Señora de Valdeflores de Madres Dominicanas LAAT 4,63

Viveiro Muralla de Viveiro LAAT 5,37

Viveiro Porta do Cristo (Porta da Vila) LAAT 5,37

Viveiro Praza de Santa María LAAT 5,45

Viveiro Porta da antiga muralla LAAT 5,46

Viveiro Porta do Valado LAAT 5,52

Viveiro Conxunto arquitectónico da Igrexa e Convento de San Francisco LAAT 5,63

Municipio Descrición

Cerdido Socastro

Cerdido Igrexa de Cerdido (parroquial de San Martiño)

Cerdido Igrexa de A Barqueira (parroquial de Santo Antonio)

Cerdido Castro de Feigosas

Cerdido Cruceiro da Igrexa da Barqueira

Cerdido Cruceiro San Juan de Os Casares

Cerdido Casa indiana en Porto do Cabo. Vilarrube

Cerdido Lavadero As travesas

Cerdido Castro Sete (San Martiño de Cerdido)

Cerdido Cruceiro da Cruz Vermella. San Juan de Os Casares

Cerdido Pazo, Vila da Igrexa

Moeche Fonte de Casanova. Abade

Valdoviño Muíño do Porto do Cabo. Vilarrube

Valdoviño Capela da Virxe do Camiño en Porto de Arriba. Vil

Cedeira Ponte do Porto do Cabo. Vilarrube-Esteiro Poligonal 107

Cedeira Ponte do Porto do Cabo. Vilarrube - Esteiro Poligonal 121

Cedeira Vivienda unifamiliar en Porto do Cabo. Esteiro Poligonal 225

Cedeira O Castrillón Poligonal 585

Cedeira Escola de Sisalde. Esteiro Poligonal 846

Cedeira Casa reitoral de San Fiz de Esteiro Poligonal 1638

Cedeira Mámoa do Coto de Sisalde Poligonal 951

Cedeira Igrexa de Esteiro (parroquial de San Fiz) Poligonal 1672

Cedeira Cruceiro de San Fiz de Esteiro Poligonal 1686

Cedeira As Croas Poligonal 1570

Cedeira Escola de Saa. Esteiro Poligonal 1913

Cedeira O Castro de Cheda de Abaixo Poligonal 1199

Cedeira Castro A Croa de Carracedo Poligonal 1565

Cedeira Cruceiro de San Román de Montoxo Poligonal 1164

Cerdido Os Castros Poligonal 237

Cerdido Cruceiro San Antonio de A Barqueira Poligonal 270

Cerdido Capela de Santa Lucía. Os Casás LAAT 1357

Cerdido Castro da Torre do crego Poligonal 268

Cervo Fonte e lavadoiro en Cubelo. Castelo LAAT 871

Cervo Capela de Santa Eufemia de O Castelo LAAT 1133

Cervo Fonte en Casa das Donas. Castelo LAAT 959

Cervo Conxunto de casas de Belén, en Castelo (San Xiao) LAAT 808

Cervo Fonte en Cubelo. Castelo LAAT 822

Cervo Muíño en A Estivada. Castelo LAAT 911

Cervo Fonte en Outón. Castelo LAAT 620

Cervo Medela Pequena LAAT 691

Mañón Cruz de Castiñeira LAAT 1772

Mañón Igrexa de Mañón (parroquial de Santa María) LAAT 1836

Mañón Postos de feira de Mañón LAAT 1779

Mañón Casa reitoral de Santa María de Mañón LAAT 1848

Mañón Mámoa do Alto da Coriscada 1 / Coto dos Mouros LAAT 1944

Mañón Cruceiro do Cristo das Mentiras. Grañas do Sor LAAT 1867

Mañón Casa con hórreo en Segade. Mañón LAAT 1090

Mañón Capela de San Antonio en Segade. Mañón LAAT 1010

Mañón Fonte - Lavadoiro LAAT 1083

Mañón Mámoa de Xuncos de Mouraz - 1 LAAT 493

Mañón Casa con hórreo en Ponte Segade. Mañón LAAT 733

Mañón Mámoa de Xuncos de Mouraz - 4 LAAT 473

Mañón Ponte Segade. Mañón LAAT 667

Mañón Mámoa de Xuncos de Mouraz - 2 LAAT 413

Mañón Mámoa de Xuncos de Mouraz - 3 LAAT 331

Mañón Mámoa do Alto do Carabelote - 1 LAAT 499

Mañón Mámoa do Alto do Carabelote - 4 LAAT 1055

Mañón Fundación Unión Mañonesa, Muros do Chao. Mañón LAAT 1517

Mañón Báscula de pesaxe de gando LAAT 1660

Mañón Cruceiro do Campo da Festa de Caión. Mañón LAAT 1669

Moeche Castro de Casablanca Poligonal 1993

Moeche Escola de Felgosa. San Xurxo de Moeche Poligonal 1576

Moeche Castro de Labacengos Poligonal 745

Moeche Casa reitoral de Santa María de Labacengos Poligonal 689

Moeche Igrexa de Labacengos Poligonal 664

Moeche Cemiterio de Labacengos Poligonal 638

Moeche Cruceiro de Santa María de Labacengos Poligonal 643

Moeche Mámoa da Chaira Poligonal 1233

Moeche Mámoa de Labacengos Poligonal 856

Moeche Castro de Abade Poligonal 365

Moeche Fonte de Mil de Abaixo. Abade Poligonal 17

Moeche Igrexa de Abade (parroquial de Santiago) Poligonal 26

Moeche Cementerio de Abade Poligonal 15

Moeche Mámoa de Os Caneiros Poligonal 468

Moeche Castro de Vilachave Poligonal 816

Moeche A Medoña Poligonal 348

Moeche Casa Cuartel de Vilariño e conxunto. Abade Poligonal 193

O Vicedo Mámoa de Campo dos Lagos LAAT 1714

O Vicedo Mámoa do Cristo da Portapena 1 LAAT 510

O Vicedo Mámoa do Cristo da Portapena 2 LAAT 491

O Vicedo Capela de Sanga LAAT 748

O Vicedo Cruceiro da Ponte Segade en Cabanas LAAT 659

O Vicedo Igrexa de Cabanas (Parroquial de Santa María) LAAT 585

O Vicedo Muíño en Chavín. Cabanas LAAT 505

O Vicedo Capela de Trala Veiga. Cabanas LAAT 1419

O Vicedo Cruz de Maxonfrío. Cabanas LAAT 1339

Ortigueira Igrexa de Mera de Baixo (Parroquial de Santiago) LAAT 1109

Ortigueira Casa reitoral de Mera de Riba LAAT 1110

Ortigueira Ponte Noval en Mera de Riba Poligonal 1634

Ortigueira Centro Social de Mera de Riba. Poligonal 1684

Ortigueira Muíño de Ponte Noval. Mera de Riba Poligonal 1593

Ortigueira Mámoa do Muro do Vasco 2 LAAT 1841

Ortigueira Mámoa do Muro do Vasco 4 LAAT 1647

Ortigueira Mámoa do Muro do Vasco 3 LAAT 1627

Ortigueira Mámoa de Muro do Vasco 8 LAAT 1711

Ortigueira Mámoa do Muro do Vasco 5 LAAT 1649

Ortigueira Mámoa de Muro do Vasco 7 LAAT 1684

Ortigueira Casa dos Saavedra en Pereiro. O Ermo LAAT 1580

Ortigueira Escola do Ermo LAAT 1416

Ortigueira Ermida da Virxe de Portas. Devesos LAAT 1117

Ortigueira Casa reitoral de San Xiao de Ermo LAAT 1259

Ortigueira Igrexa de Ermo (Parroquial de San Xiao) LAAT 1258

Ortigueira Cruceiro do Igrexario. Ermo LAAT 1201

Ortigueira Mámoa de Penas Longas 1 LAAT 1052

Ortigueira Mámoa de Penas Longas 4 LAAT 1047

Ortigueira Mámoa de Penas Longas 3 LAAT 1018

Ortigueira Mámoa de Penas Longas 2 LAAT 996

Ortigueira Mámoa de Xuncos de Mouraz 5 LAAT 512

Ortigueira Casa reitoral de San Sebastián de Devesos LAAT 706

Ortigueira Igrexa de Devesos (Parroquial de San Sebastián) LAAT 712

Ortigueira Sociedade de instrucción e recreo La Devesana. De LAAT 724

Ortigueira Cruceiro do Igrexario. Devesos LAAT 734

Ortigueira Casa con galería en Igrexario. Devesos LAAT 752

Ortigueira Capela de Axilde. O Ermo LAAT 508

Ortigueira Mámoa do Alto do Carabelote - 2 LAAT 514

Ortigueira Mámoa do Alto do Carabelote 2 LAAT 516

Ortigueira Mámoa de Carabelote 3 LAAT 771

Ortigueira Casa reitoral de Mera de Riba LAAT 1110

Ortigueira Igrexa de Mera de Baixo (Parroquial de Santiago) LAAT 1109

Ortigueira Muíño de Ponte Noval. Mera de Riba Poligonal 1593

Ortigueira Ponte Noval en Mera de Riba Poligonal 1634

Ortigueira Centro Social de Mera de Riba. Poligonal 1684

Ortigueira Muíño nas Mestas. Couzadoiro (San Cristovo) LAAT 1896

Ortigueira Mámoa de Granxas LAAT 1582

Ortigueira Mámoa de Granxas / Barreiros / Cruz de Rosas LAAT 1584

Ourol Capela de San Francisco de Vilaes. Merille LAAT 1008

Ourol Fonte do Campo das Nogueiras LAAT 733

San Sadurniño Coto da Croa Poligonal 1883

Valdoviño Castro de Vidueiros Poligonal 926

Valdoviño Pazo de Vilaboa Poligonal 1612

Valdoviño Casa rural na Pena do Boi. Vilaboa Poligonal 1241

Valdoviño Igrexa de Vilaboa antiga (Parroquial de San Vince Poligonal 388

Valdoviño Capela da Fame ou da Concepción de Vilarrube Poligonal 606

Valdoviño Mámoa de Liñeiro Poligonal 361

Valdoviño Castro de Lousada Poligonal 1899

Valdoviño Pazo de Liñeiro Poligonal 743

Valdoviño Mámoa de PenaMoura Poligonal 111

Valdoviño Lavadoiro en Porto de Riba. Vilarrube Poligonal 200

Valdoviño Castro de Castro Poligonal 801

Valdoviño Hospital de peregrinos en Porto do Cabo. Vilarrube Poligonal 117

Valdoviño Cruceiro de San Martiño de Vilarrube Poligonal 1327

Valdoviño Casa Unifamiliar fronte a Igrexa Poligonal 1353

Valdoviño Capela da Virxe da Ermida. Vilarrube Poligonal 1744

Valdoviño Igrexa de Vilarrube (Parroquial de San Martiño) Poligonal 1370

Valdoviño Pazo de San Martiño de Vilarrube Poligonal 1442

Valdoviño Casa reitoral de San Martiño de Vilarrube Poligonal 1423

Valdoviño Casa en Vilelas (2). Vilarrube Poligonal 1691

Valdoviño Casa en Vilelas (1). Vilarrube Poligonal 1721

Valdoviño Casa en Vilelas (3). Vilarrube Poligonal 1747

Valdoviño Fonte no Patronato. Vilarrube Poligonal 1976

Valdoviño Vivenda no Puntal. Vilarrube Poligonal 1189

Viveiro Cristo de A Torre, As Cabanas de Arriba LAAT 1882

Viveiro Cruz de Abuín. Boimente LAAT 1765

Viveiro Cruz de As Cabanas. Chavín LAAT 1809

Viveiro Cruz do Cruce de Morgade. Boimente LAAT 1332

Viveiro Cruceiro de Morgade. Boimente LAAT 1263

Viveiro Igrexa de Boimente (parroquial de Santo André) LAAT 829

Viveiro Cruceiro no adro de Santo André de Boimente LAAT 822

Viveiro Cruz da Igrexa ou de Chao, A Igrexa. Boimente LAAT 747

Viveiro Castro de Condomiñas LAAT 941

Viveiro Cruz de Febreiro, O Espiño. Boimente LAAT 488

Viveiro Cruz de O Celeiro, Boimente LAAT 263

Viveiro Casa reitoral de Chavín, O Outeiro. Chavín LAAT 334

Viveiro Cruz do adro da igrexa de Santa María de Chavín LAAT 351

Viveiro Igrexa de Chavín (parroquial de Santa María) LAAT 376

Viveiro Capela do Cemiterio de Chavín LAAT 395

Viveiro Ermida do Castelo, Monte Castelo. Landrove LAAT 115

Viveiro Cristo da Caleira en Calvoso. Chavín LAAT 515

Viveiro Castelo LAAT 270

Viveiro Cristo de Marcos ou de Calvoso. Chavín LAAT 573

Viveiro Escola de Calvoso. Chavín LAAT 587

Viveiro Castro de Lourido LAAT 582

Viveiro Cruz dos Cigarros en Devesa. Galdo LAAT 829

Viveiro Souto da Retorta, Chavín LAAT 742

Viveiro Cruceiro da Abelleira. Galdo LAAT 652

Viveiro Casa dos Montero, Abelleira. Galdo LAAT 591

Viveiro Cristo da Aguieira no lugar de Ribas. Chavín LAAT 786

Viveiro Escola de Abelleira. Galdo LAAT 468

Viveiro Capela de San Miguel. Galdo LAAT 736

Viveiro Casa Osorio en Abelleira. Galdo LAAT 414

Viveiro Castro de Loureiro LAAT 526

Viveiro Capela de A Abelleira (Nosa Sra. Belén) LAAT 396

Viveiro Cristo da Ponte ou Cristo de Palmeiro en Chaos LAAT 1044

Viveiro Pozo da Ferida. Valcarría LAAT 694

Viveiro Cruz do Outeiro ou de Ramón Cao. Valcarría LAAT 1325

Viveiro Cruz de Forxán. Valcarría LAAT 1328

Viveiro A Croa/ Castro da Forca LAAT 1002

Viveiro Escola de Valcarría LAAT 1360

Viveiro Cruceiro da Escola de Valcarría ou da Corredoira LAAT 1363

Viveiro Cruceiro do Outeiro en Cora. Valcarría LAAT 1507

Viveiro Cristo do Adro de San Estevo de Valcarría LAAT 1371

Viveiro Igrexa de Valcarría (parroquial de Santo Estevo) LAAT 1373

Viveiro Casa reitoral de Valcarría LAAT 1393

Viveiro Cristo dos Veciños, O Pereiro. Valcarría LAAT 1374

Viveiro Capela de Naseiro ou Ermida dos Milagros LAAT 1437

Viveiro Cruceiro de Naseiro. Campo do Naseiro LAAT 1436

Viveiro Capela de San Xosé de Pedrosa LAAT 1587

Viveiro Casa de Toxeiras. Landrove LAAT 1243

Viveiro Cruceiro do adro da igrexa de San Pedro de Viveiro LAAT 1832

Viveiro Cruz do Rego de Castro. Galdo LAAT 302

Viveiro Capela de Copacavana, Toxeiras. Landrove LAAT 1369

Viveiro Menhir de Pedra Parda LAAT 379

Viveiro Cruceiro de Landrove no Barrio do Cristo. Landrove LAAT 1494

Viveiro Casa con miradoiro, Portociño de Arriba. Landrove LAAT 1557

Viveiro Sobrevila LAAT 492

Viveiro Casa grande con galería I, Calvario. Landrove LAAT 1630

Viveiro Cruz do Portociño de Arriba. Landrove LAAT 1745

Viveiro Casa en Guistilán, 1-2. Galdo LAAT 1425

Viveiro Casa en Guistilán, 4. Galdo LAAT 1427

Viveiro Casa da Torre. Galdo. Baralla LAAT 1455

Viveiro Cruz de Baralla. Galdo LAAT 1438

Viveiro Casa Canosa, Feira. Galdo LAAT 910

Viveiro Casa grande con galería II, Calvario. Landrove LAAT 1779

Viveiro Capela de Guadalupe, A Feira. Galdo LAAT 946

Viveiro Casa de Piñona. Landrove LAAT 1856

Viveiro Cruceiro do adro da igrexa de San Xiao de Landrove LAAT 1871

Viveiro Cruz do adro da igrexa de San Xiao de Landrove LAAT 1871

Viveiro Igrexa de Landrove (parroquial de San Xiao) LAAT 1875

Viveiro Casa con escudo preto da parroquial. Landrove LAAT 1861

Viveiro Casa reitoral de Landrove LAAT 1894

Viveiro Casa de Moreiras, O Pontigo. Galdo LAAT 1156

Viveiro Cruz de María Pan. Galdo LAAT 1459

Viveiro Igrexa de Galdo (parroquial de Santa María) LAAT 1795

Viveiro Calvario da Igrexa de Santa María de Galdo LAAT 1797

Viveiro Cruceiro do adro da igrexa de Santa María de Galdo LAAT 1803

Viveiro Fonte de San Miguel. Galdo LAAT 1810

Viveiro Casa de Amarela. Galdo LAAT 1837

Viveiro Casa de Pita Romero, A Igrexa. Galdo LAAT 1849

Viveiro Cruz do Cemiterio de Santa María de Galdo LAAT 1926

Viveiro Escola de Santa Rita, Trabe. Galdo LAAT 1976

Xove A Cruz do Loureiro LAAT 304

Xove Casa con inscripció no Loureiro LAAT 486

Xove Mámoa de Cruz de Lourerio IV LAAT 539

Xove Mámoa de Cruz de Loureiro III LAAT 601

Xove Mámoa de Cruz de Loureiro II LAAT 642

Xove Mámoa de Cruz de Loureiro I LAAT 673

Xove Mámoa de Cruz de Penido do Carboxoso LAAT 1415

Xove Mámoa de Cruz de Penido do Carboxoso I LAAT 1406

Xove Igrexa parroquial de Santo Isidoro do Monte LAAT 221

Xove Petroglifo do Monte LAAT 221

Xove Conxunto de edificacións tradicionais Penas Agudas LAAT 373

Xove Fonte nas Penas Agudas LAAT 367

Xove Igrexa parroquial de San Miguel da Rigueira LAAT 1831

Xove Casa Rectoral de San Miguel da Rigueira LAAT 1826

Xove Mámoa de Randeia-Cova dos Mouros LAAT 522

Xove Vivenda tradicional en Ferrol LAAT 1513

Xove Castro do Canedo LAAT 1787

Xove Conxunto de edificacións tradicional Soutorredondo LAAT 771

Xove Mámoas de Campolongo LAAT 508
Xove Capela das Dores LAAT 1329
Xove O Camposanto-Infesta LAAT 1249
Xove Capela de San Vicente LAAT 1114
Xove Cruceiro de Veiga LAAT 1039
Xove Vivenda tradicional en Veiga LAAT 947
Xove Mámoa da Lamaboa II LAAT 496
Xove Mámoa da Lamaboa I LAAT 592
Xove O Pumariño LAAT 1197
Xove Estrutura circular de Lavandeira LAAT 1703
Xove Casa tradicional en Xove LAAT 996
Xove Antiga escola LAAT 917
Xove Casa Miranda en Xove LAAT 1215
Xove Casa Rectoral de Xove LAAT 1168
Xove Conxunto de vivendas tradicionais en Xove LAAT 1071
Xove Casa con mirador-Casa Teixide LAAT 1276
Xove Casa tradicional en Xove LAAT 1073
Xove Casa tradicional en Xove LAAT 1036
Xove Cruceiro dos Carballás LAAT 1114
Xove Casa Miranda en Xove LAAT 1062
Xove Vivenda tradicional en Xove LAAT 1015
Xove Igrexa parroquial de San Bartolo de Xove LAAT 1055
Xove Casa Rectoral de San Bartolo LAAT 1015
Xove Casa de Vilalba LAAT 1089
Xove Casa na Torre LAAT 1391
Xove Cruz na Áspera LAAT 918
Xove Casa Rectoral de Santa Eulalia en Lago LAAT 967
Xove Igrexa parroquial de Santa Eulalia de Lago LAAT 1004
Xove Casa en Sumoas LAAT 642
Xove Castro de Sumoás LAAT 643

Xove Igrexa parroquial de Santo Estevo de Sumoás LAAT 652

Xove Mámoa da Barxa LAAT 1611

Xove Casa nas Poceiras LAAT 753

Xove Casa no Cabo LAAT 1471

Xove Os castros da Cabana LAAT 1615

☞ **Patrimonio cultural inmaterial: sen avaliar**

3.- Prexuízos significativos para os chans e o medio ambiente:

O chan é un recurso natural non renovable e finito cuxo proceso de formación tómase centos de anos. Son unha parte fundamental no equilibrio dos ecosistemas: funciona como filtro e amortiguador ao reter substancias, protexe as augas subterráneas e superficiais contra a penetración de axentes nocivos e transforma compostos orgánicos descompoñéndoo ou modificando a súa estrutura conseguindo a mineralización.

A implantación do parque eólico proxectado alteraría os ciclos bioxeoquímicos dos chans. A degradación que sofren os chans supón unha ameaza á capacidade deste recurso para satisfacer as necesidades das futuras xeracións.

A materia orgánica do chan ou humus é fundamental para manter a estrutura do chan, reter a auga necesaria, actuar como reserva nutritiva e imprescindible para manter a produtividade da terra. Certos usos do chan, como as cimentacións eólicas, diminúen de forma drástica o contido de materia orgánica do chan. As remocións de toneladas de terra que esixe a implantación do parque eólico proxectado non é cuestión baladí e eses chans non se van a recuperar polo que nun futuro, no caso de implantarse, teremos unha gran área de chan desertificada e erosionada de terro infértil.

Coa implantación das cimentacións dos parques, as excavacións e remocións de toneladas de terras durante a súa instalación, elimínase a materia orgánica dos chans e pérdese a produtividade destes. Non só se produce un cambio de usos (agrícolas de cultivo, de pasteiros ou forestais). Tamén se produce unha transformación urbanística non amparada legalmente, ao quedar os chans erosionados e perder de forma irreversible a súa produtividade orixinaria.

A Lei do chan de Galicia aposta na súa exposición de motivos pola protección territorial e, en particular, pola defensa e respecto do chan rústico, xa sexa pola afección ao dominio público ou pola presenza de valores merecedores de especial salvagarda. Así o indica literalmente:

“A Lei do chan aposta pola protección territorial e, en particular, pola defensa e respecto do chan rústico, xa sexa pola afección ao dominio público ou pola presenza de valores merecedores de especial salvagarda”.

O artigo 31 da citada lei referido a “Concepto e categorías” establece:

“1. Terán a condición de chan rústico:

a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais”.

Así o artigo 34 da Lei 2/2006 do chan de Galicia indica respecto ao “Chan rústico de especial protección” que:

“4. Cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria”, pero entendendo en base ao indicado na exposición de motivos da lei, que no caso de non poder complementarse prevalecerá aquel que máis protexa o chan rústico e en ningún caso, aquel que poida alterar de forma irreversible a funcionalidade deste como é o caso das infraestruturas eólicas proxectadas.

De feito, o artigo 35.2 indica que: “Os restantes usos en chan rústico son usos prohibidos”, sobre todo aqueles que alteren de forma irreversible a súa funcionalidade, como é o caso das remocións de terra descrita no proxecto eólico BALOCAS e a súa LAT de evacuación.

Conclusión:

O proxecto eólico BALOCAS e a súa infraestrutura de evacuación son incompatibles cos usos e a fertilidade actual dos chans. As cimentacións do parque xunto coa remoción de toneladas de terra previstas para a súa implantación, altera de forma irreversible a cuberta vexetal e os recursos hídricos, producindo erosión da cuberta vexetal e a medio e longo prazo desertificación da área afectada, xa que a perda da cuberta vexetal e dos humedais converte aos chans nun recurso natural non renovable e finito perdendo a súa funcionalidade e aptitude agrícola, gandeira e forestal actual de xeito irreversible.

4.- ANÁLISE DOS PLANEAMENTOS URBANÍSTICOS MUNICIPAIS DOS MUNICIPIOS AFECTADOS POLO PARQUE EÓLICO BALOCAS E A SÚA INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN

A mercantil promotora propón a modificación de cualificación urbanística e regulación detallada do uso pormenorizado para recalificalo como chan rústico de especial protección de infraestruturas.

De acordo co previsto no Artigo 34.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia, cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico de especial protección, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria, prevalecendo aquel que outorgue unha maior protección (que neste caso non é o chan de infraestruturas). **Polo tanto, desde o punto de vista urbanístico o proxecto do parque eólico BALOCAS e as súas infraestruturas de evacuación son incompatibles. A promotora pretende unha recalificación urbanística non amparada legalmente en relación ao chan rústico de protección forestal, chan rústico de protección de cauces, o chan rústico de protección paisaxística e o chan rústico de protección de espazos naturais.**

“Artigo 34.4. Cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria”.

Ao anterior hai que engadir a prevalencia da protección ambiental do **Artigo 2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.**

“Artigo 2. Principios.

Son principios que inspiran esta lei:

f) *A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia”.*

A maior abundamento **hai que contar coa protección ambiental reforzada da Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.** Hai hábitats prioritarios e hábitats de interese comunitario pero ambos os dous tipos gozan da protección do artigo 2 desta directiva, isto é:

1. *A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.*

2. *As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario.*

Os hábitats naturais de interese comunitario requiren de zonas de especial conservación conforme á Directiva 92/43/CEE do Consello do 21 de maio de 1992 relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. Non poden ser, por tanto, nin eliminados, nin degradados. A normativa citada indica expresamente que estes hábitats deben ser conservados e manterse nun estado de conservación favorable.

5.- A prevalencia da protección ambiental da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

“Artigo 2. Principios.

Son principios que inspiran esta lei:

a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.

b) A conservación e restauración da biodiversidade e da xeodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para esa fin terán en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como, as particularidades rexionais e locais.

c) A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, en particular, das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e evitar a perda neta de biodiversidade.

d) A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe (...).

f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia.

g) A precaución nas intervencións que poidan afectar a espazos naturais ou especies silvestres”.

En virtude do anterior,

SOLICITA:

1.-O rexeitamento do Estudo de Impacto Ambiental e da solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Balocas de 65 MW e a súa infraestrutura de evacuación, na provincias da Coruña e Lugo. Código do proxecto: PEol-387. BOP número 209, de 3 de novembro de 2021 e a súa retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licenza social.

2.-SIRVAN AS PRESENTES ALEGACIONES COMO NOTIFICACION PREVIA DESTE ASUNTO, QUE VAI A SER OPORTUNAMENTE RATIFICADA PARA O CASO DE PROGRESO DA SOLICITUDE RELATIVA AO PARQUE EÓLICO BALOCAS E A SÚA INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN (CÓDIGO DO PROXECTO: PEOL-387) E PROGRESO DA MESMA, DEBENDO OS PROMOTORES ENFRENTARSE AOS PROCEDEMENTOS XUDICIAIS QUE SE INICIEN (CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS E PENAIS), ASI COMO, ÁS INDEMNIZACIONES QUE PROCEDAN, CON RESPONSABILIDADE SUBSIDIARIA DE QUEN AUTORIZA SEN TER EN CONTA OS DEFECTOS DOS QUE SE LLE PON EN COÑECEMENTO.

3.- Téñase en conta que o Inventario de Humidais de Galicia desde a súa aprobación no ano 2008, non se chegou a rexistrar nin inventariar ningún humidal e que unha parte importante dos parques eólicos en tramitación prevese a súa instalación sobre espazos húmidos como este caso. Téñase en conta que ademais dunha impresionante e exclusiva biodiversidade, calcúlase que unha hectárea de turbeira pode almacenar entre 3 e 3,5 veces máis carbono que unha hectárea de bosque tropical, reducindo a emisión de gases de efecto invernadoiro e o quecemento global do planeta, polo que é fundamental a conservación destes sumidoiros e acumuladores de carbono.

4.- Téñase en conta que o Plan Sectorial Eólico de Galicia é un regulamento que non está adaptado a actual normativa de avaliación de impacto ambiental e que está desfasado, caduco e obsoleto, que carece de avaliación ambiental estratéxica e cuxo texto non chegou a ser publicado no Diario Oficial de Galicia. Por outra banda, tampouco está adaptado ao establecido no Convenio europeo da Paisaxe PERO O PARQUE EÓLICO BALOCAS TAMPOUCO SE ADECUA Á PLANIFICACIÓN SECTORIAL EÓLICA DE GALICIA.

5.- Teñan en conta que en consoancia co anterior estase a vulnerar unha mancha de normativa que xera indefensión para a cidadanía como:

- Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental e o Convenio de Aarhus de 1998 sobre o acceso á información, a participación do público e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que garanten o acceso público a información ambiental que obre en poder das autoridades públicas ou doutras entidades no seu nome, tanto cando se lles solicite como mediante divulgación activa.
- Decisión 2005/370/CE do Consello, do 17 de febreiro de 2005 sobre a celebración, en nome da Comunidade Europea, do Convenio sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 124 de 17.5.2005, pp. 1-3)
- Regulamento (CE) nº. 1367/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativo á aplicación, ás institucións e aos organismos comunitarios, das disposicións do Convenio de Aarhus sobre o acceso á

información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 264 de 25.9.2006, pp. 13-19)

- Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.
- Lei 7/2012, de 28 de xuño de Montes de Galicia.

6.- Que por parte do Consello da Cultura Galega, máximo órgano asesor da Xunta de Galicia en materia de cultura, se informe sobre a compatibilidade do parque eólico BALOCAS e as súa infraestrutura común (incluídos os outros parques que evacúan na mesma subestación colectora e que comparten infraestruturas de evacuación) e os outros parques xa instalados e en tramitación tanto da mesma promotora como de outras, ubicados na área xeográfica, cos valores culturais, paisaxísticos e ambientais da área de afección do parque eólico, isto é, a superficie que abrangue a súa poligonal.

7.- Que por parte da Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico BALOCAS e as súa infraestrutura común (incluídos os outros parques que evacúan na mesma subestación colectora e que comparten infraestruturas de evacuación) e os demais parques xa instalados e en trámite tanto da mesma mercantil promotora como doutras, en tanto en canto como ben di a exposición de motivos da referida lei, o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego.

8.- Que por parte da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia se informe sobre a prevalencia do uso agro -gandeiro sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico BALOCAS e as súa infraestrutura común (incluídos os outros parques que evacúan na mesma subestación colectora e que comparten infraestruturas de evacuación) e os demais parques xa instalados e en trámite tanto da mesma mercantil promotora como doutras, en tanto en canto este sector é o que dinamiza o mundo rural, os núcleos rurais e realiza unha contribución importante ao PIB galego.

9.- Publique a relación de axudas públicas recibidas ou que prevé recibir a mercantil promotora para o desenvolvemento deste proxecto ben directamente ou a través doutras empresas do mesmo grupo empresarial.

10.- Ao abeiro do Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o citado Convenio o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008), o papel do dereito non é recoñecer e protexer un valor ou unha beleza paisaxística particulares; o que o dereito debe recoñecer en primeiro lugar e, por conseguinte protexer, é un valor complexo: a necesidade de toda a cidadanía de establecer unha relación sensible co territorio, de beneficiarse desta relación e de participar na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan. Ninguén, incluída a mercantil promotora e a propia Administración Xeral do Estado, teñen dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan. E no presente caso existe un rexeitamento social expreso e masivo ao parque eólico BALOCAS e as súa infraestrutura común (incluídos os outros parques que evacúan na mesma subestación colectora e que comparten infraestruturas de evacuación), pola súa importante afección ambiental, patrimonial, cultural e paisaxística. Non se pode transformar unilateralmente por mor do interese dunha empresa as paisaxes agrarias e forestais e o medio de vida das familias en paisaxes industriais e polígonos eólicos que só benefician a empresas como é o presente caso.

Cerdido, 14 de novembro de 2021

Asdo.- _____